

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO A TRAVÉS DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) NO CONCELLO DE VIVEIRO (1 PRAZA DE PEON FORESTAL PARA O ANO 2020).

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 1 traballador para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal; PLANIFICACIÓN PREVENTIVA FORESTAL (1 PEON FORESTAL) .

A totalidade dos contratos encádranse na subvención concedida ao Concello de Viveiro pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) para o exercicio 2020, por un importe total de 13.750 €

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de 1 traballador, a xornada completa cunha duración de nove meses ,mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) para o exercicio 2020.

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.

A.- PEON FORESTAL

Prazas a convocar: 1 praza de PEÓN FORESTAL.

Para o exercicio profesional de **planificación preventiva forestal.**

Duración do contrato: 9 meses

Grupo de cotización 10

Tipo de contrato: contrato temporal (modalidade contrato temporal obra ou servizo determinado de interese social) coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Xornada de traballo: traballo a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos.

3.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberán:

-O peón pertence á Agrupación P). Para acceder ao grupo E, non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.

- Estar desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal).

- Non ser contratados no ano anterior por un periodo igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2018. IGE).

Coñecemento da idioma galego: **CELGA 2.**

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente a marxe)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

